



María Sieira Ríos, secretaria do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal dun/dunha PSICÓLOGO/A para o desenvolvemento da actividade de “Taller de Estimulación Cognitiva (Obradoiro de Memoria)” (Expediente 2021 PSEL000014),

CERTIFICA: Que por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 11:30 horas do día 15/11/2021, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na “**ACTA NÚMERO 1.- FASE DE CONCURSO.**”

(...)

Rematada a avaliación, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar a cada un dos/as aspirantes admitidos/as a este proceso selectivo que a continuación se relacionan **as puntuacións que en cada caso se indican pola fase de concurso de méritos:**

Nº	Apelidos e nome do aspirante	Experiencia profesional (ata un máximo de 4 puntos)	Formación complementaria (ata un máximo de 2 puntos)	Total
1	Aller Bello, Andrea	0	0	0
2	Besada Parada, Marta	0	1,20	1,20
3	Fernández Díaz, Marta	0	0	0
4	Martiño Rodríguez, Sandra	0	1,60	1,60
5	Mosconi Cadillo, Ana	2,64	1	3,64
6	Pereira Varela, Ana	0	0	0
7	Rodríguez Parada, Alba	0	0	0
8	Sobrido Pego, María de las Nieves	4	2	6
9	Suárez González, Cristina	0	0	0
10	Vázquez Castro, Rubén	0	0,70	0,70

Segundo.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Ribeira e na súa páxina Web oficial (www.ribeira.gal) o resultado da cualificación do concurso de méritos do xeito que se detalla no cadro anterior.

Terceiro.- Dispoñer dun prazo de **dous (2) días hábiles**, contados desde o día seguinte ó da publicación da valoración dos méritos, **para a interposición de reclamacións á puntuación outorgada na fase de concurso.**

Cuarto.- Convocar ós/as aspirantes admitidos/as para que **o xoves, día 18 de novembro de 2021, ás 10:00 horas**, se presenten no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Ribeira, co obxecto de iniciar a fase da oposición do proceso selectivo coa realización do primeiro exercicio da oposición, que consistirá **na presentación dun proxecto de actividade de talleres de estimulación cognitiva ao sector das persoas maiores co**





obxectivo de preservar as capacidades cognitivas así como promover un envellecemento saudable.

A presentación do proxecto farase segundo o disposto na Base 9.2 das que rexen este proceso selectivo. Os/as aspirantes que non o tiveran presentado xunto coa solicitude para tomar parte na convocatoria deste proceso, deberán achegalo no momento en que haxa que expoñelo ante o Tribunal, é dicir, o vindeiro xoves, día 18 de novembro de 2018, ás 10:00 horas, no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Ribeira.

O chamamento dos/as aspirantes realizarase por orde alfabético. **E a sesión da exposición e defensa do referido proxecto será pública.**

Os/as aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade.

De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Ribeira, sito na Praza do Concello, nº 1.

E para que conste, expido a presente certificación, por orden da Presidenta do Tribunal Avaliador, en Ribeira, a 15 de novembro de 2021. A secretaria do Tribunal Avaliador, María Sieira Ríos.

